

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	Chan do Monte	Marín	2021/2022

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMA	Instalación e mantemento	CBIMA01	Mantemento de vivendas	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3090	Operacións de conservación na vivenda e montaxe de accesorios	2021/2022	9	275	330

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LAURA CARBALLAL FREIRE
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O título profesional básico en Mantemento de Vivendas queda identificado polos seguintes elementos:

- Denominación: título profesional básico en Mantemento de Vivendas.
- Nivel: formación profesional básica.
- Duración: 2.000 horas.
- Familia profesional: Instalación e Mantemento.
- Referente europeo: CINE-3.5.3 (Clasificación internacional normalizada da educación).

A competencia xeral do título profesional básico en Mantemento de Vivendas consiste en realizar operacións básicas de montaxe e mantemento de elementos de fontanaría, calefacción e climatización, pequenas reparacións e substitución de elementos sinxelos en instalacións electrotécnicas, en revestimentos continuos, en azulexado e en pintura, así como a montaxe e a colocación de moblaxe prefabricada e complementos mobiliarios da vivenda, coa calidade indicada, aplicando as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental correspondentes, e comunicándose de forma oral e escrita en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

As competencias profesionais, persoais e sociais, e as competencias para a aprendizaxe permanente do título profesional básico en Mantemento de Vivendas son as que se relacionan:

- a) Seleccionar materiais, ferramentas e máquinas-ferramenta para a substitución, a montaxe ou a colocación de elementos ou reparacións nas instalacións, de superficies ou de elementos de moblaxe da vivenda, a partir de ordes de traballo ou instrucións.
- b) Abrir rozas e gabias para tender canalizacións eléctricas, tubaxes de evacuación e subministración de auga, circuitos de calefacción e climatización básica.
- c) Ensambalar elementos de tubaxes de evacuación e subministración de auga e instalacións de calefacción.
- d) Montar pequenas instalacións de rega automática logo de elaborar, de ser o caso, pequenos esquemas de montaxe, asegurando a cobertura de toda a superficie e o aforro de auga.
- e) Instalar equipamentos sanitarios da vivenda conectándoos á rede de evacuación e de auga.
- f) Realizar operacións de montaxe de unidades interiores e exteriores de equipamentos de climatización doméstica e do seu mantemento de primeiro nivel.
- g) Realizar operacións de ensamblaxe de condutos de ventilación en fibra ou similar, así como operacións de acabado de superficies e de selaxe de xuntas.
- h) Substituír elementos sinxelos que compoñen as instalacións electrotécnicas no ámbito de vivenda, a partir das instrucións recibidas ou dos manuais de uso.
- i) Reparar zonas deterioradas de revestimentos continuos de paredes e teitos, pintando a superficie afectada e substituíndo elementos cerámicos (solados e azulexados).
- j) Montar e colocar moblaxe prefabricada, complementos mobiliarios e accesorios de fogar, e realizar as reparacións básicas e a substitución de ferraxes nesa moblaxe.
- k) Realizar probas funcionais dos elementos substituídos, empregando os instrumentos e o procedemento requirido.
- l) Manter en funcionamento e bo estado de uso as máquinas-ferramenta, os equipamentos, as ferramentas e os utensilios, cumprindo os procedementos establecidos nos manuais de fábrica.
- n) Resolver problemas predicibles relacionados cos ámbitos físico, social, persoal e produtivo, utilizando o razoamento científico e os elementos proporcionados polas ciencias aplicadas e sociais.
- ñ) Actuar de maneira saudable en contextos cotiáns que favorezan o desenvolvemento persoal e social, analizando hábitos e influencias positivas para a saúde humana.
- o) Valorar actuacións encamiñadas á conservación ambiental, diferenciando as consecuencias das actividades cotiáns que poidan afectar o equilibrio do ambiente.
- p) Obter e comunicar información destinada á autoaprendizaxe e ao seu uso en distintos contextos do seu ambiente persoal, social ou profesional

mediante recursos ao seu alcance e os propios das tecnoloxías da información e da comunicación.

- q) Actuar con respecto e sensibilidade cara á diversidade cultural, o patrimonio históricoartístico e as manifestacións culturais e artísticas, apreciando o seu uso como fonte de enriquecemento persoal e social.
- r) Comunicarse con claridade, precisión e fluidez en contextos sociais ou profesionais e por diferentes medios, canles e soportes ao seu alcance, utilizando e adecuando recursos lingüísticos orais e escritos propios das linguas galega e castelá.
- s) Comunicarse en situacións habituais de carácter laboral, persoal e social, utilizando recursos lingüísticos básicos en lingua estranxeira.
- t) Realizar explicacións sinxelas sobre acontecementos e fenómenos característicos das sociedades contemporáneas a partir da información histórica e xeográfica ao seu dispor.
- u) Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos na súa actividade laboral, utilizando as ofertas formativas ao seu alcance e localizando os recursos mediante as tecnoloxías da información e da comunicación.
- v) Cumprir as tarefas propias do seu nivel con autonomía e responsabilidade, empregando criterios de calidade e eficiencia no traballo asignado e efectuándoo de forma individual ou como membro dun equipo.
- w) Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no seu ámbito de traballo, contribuíndo á calidade do traballo realizado.
- x) Asumir e cumprir as medidas de prevención de riscos e seguridade laboral na realización das actividades laborais, evitando danos persoais, laborais e ambientais.
- y) Cumprir as normas de calidade e de accesibilidade e deseño universais que afectan a súa actividade profesional.
- z) Actuar con espírito emprendedor, iniciativa persoal e responsabilidade na elección dos procedementos da súa actividade profesional.
- aa) Exercer os seus dereitos e cumprir as obrigas derivadas da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación vixente, participando activamente na vida económica, social e cultural.

O módulo de Operacións de conservación na vivenda e montaxe de accesorios presenta un papel importante xa que incorpora resultados de aprendizaxe directamente relacionados coas competencias como outros que son necesarios para o desenvolvemento de outros módulos e serven de base para os mesmos.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Operacións de albanelaría.		75	20
2	Acabado superficies: pintado e revestimentos.		90	30
3	Montaxe, instalación e axuste de mobles prefabricados.		70	20
4	Operacións de mecanizado.		70	20
5	Iniciativa emprendedora.		25	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Operacións de albanelaría.	75

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza operacións de preparación e mantemento do posto de traballo, logo de seleccionar as ferramentas, os medios auxiliares e os materiais que se vaian utilizar	SI
RA2 - Realiza operacións de preparación e uso básico de morteiros, pastas de xeso e adhesivos, tendo en conta a relación entre as dosificacións, as instrucións de uso e as súas aplicacións	SI
RA3 - Realiza operacións auxiliares de albanelaría para instalacións de fontanaría, saneamento, electricidade e climatización, aplicando a técnica correspondentes e sen deterioración dos elementos que se vaian instalar	SI
RA4 - Realiza operacións sinxelas de colocación e substitución de elementos cerámicos, solados e azulexados, e de revestimentos continuos de superficies, aplicando a técnica correspondente e coa estética requirida	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as ferramentas, os medios auxiliares e os materiais, e describíronse as súas características e a súa forma de emprego
CA1.2 Identifícanse as zonas de actuación, segundo o tipo da intervención que se vaia realizar
CA1.3 Mantivéronse limpas e ordenadas as zonas implicadas na intervención
CA1.4 Clasifícanse e xestionáronse os residuos, segundo a súa procedencia e o seu nivel de perigo
CA1.5 Sinalázanse as zonas de actuación, utilizando os elementos de sinalización en función dos requisitos de seguridade e o nivel de perigo das zonas de actuación
CA1.6 Identifícase a utilidade e o uso dos medios auxiliares e dos medios de protección colectiva
CA1.7 Descríbense as características e as aplicacións dos medios auxiliares e dos elementos de protección colectiva
CA1.8 Identifícanse os equipamentos de protección individual
CA2.1 Identifícanse os compoñentes dos morteiros e das mesturas, segundo a súa aplicación
CA2.2 Respectouse a dosificación, a granulometría do árido, o tipo de cemento, e os tipos de areas e de cal no caso de morteiros
CA2.3 Seleccionouse o medio de preparación en función da cantidade e da composición
CA2.4 Realizouse a mestura e comprobouse que presente a debida homoxeneidade
CA2.5 Identifícanse e caracterízanse os tipos de revestimentos básicos
CA2.6 Realizáronse as operacións elementais de revestimento
CA2.7 Humedeceuse o paramento
CA2.8 Fíxose a implantación do paramento con mestras verticais
CA2.9 Preparáronse os resaltes e os ocós que cumpra respectar

Criterios de avaliación
CA2.10 Aplícase o espesor mínimo do revestimento acabado
CA2.11 Alícase con regra o paramento
CA2.12 Humedeceuse a revocadura logo da aplicación do revestimento
CA2.13 Operouse coas ferramentas aplicando os equipamentos de protección individual e de seguridade requiridos
CA2.14 Realizáronse os traballos con orde e limpeza
CA3.1 Efectuáronse as operacións básicas de demolición
CA3.2 Realizáronse rozas en paramentos verticais ou en chans
CA3.3 Realizáronse gabias elementais aplicando a técnica correspondente a partir de instrucións recibidas
CA3.4 Realizáronse as operacións básicas de compactación de chans (terras e outros)
CA3.5 Limpouse a zona intervida logo de realizar a operación
CA3.6 Retiráronse e xestionáronse os residuos sobrantes da actuación
CA3.7 Realizáronse técnicas básicas de soldadura e unión das instalacións relacionadas
CA3.8 Realizáronse probas de estanquidade nas instalacións domésticas de distribución, evacuación e saneamento
CA3.9 Comprobase o resultado obtido e o posible uso na montaxe da instalación
CA3.10 Determináronse as posibles medidas de corrección en función dos resultados obtidos
CA3.11 Operouse coas ferramentas adecuadas, aplicando os equipamentos de protección individual e seguridade requiridos
CA3.12 Interpretáronse esbozos e planos de pequenas instalacións para a apertura de rozas
CA4.1 Preparouse a zona de traballo e distribuíronse os materiais e as ferramentas que se vaian empregar
CA4.2 Seleccionáronse materiais cerámicos en función do seu tipo, as súas características e as súas aplicacións
CA4.3 Elimináronse os elementos danados utilizando a ferramenta requirida e aplicando proteccións para non afectar a zona en bo estado
CA4.4 Limpouse e preparouse a base da zona danada ou da zona en que cumpra intervir, aplicando a técnica correspondente
CA4.5 Adaptáronse as pezas aos requisitos de situación, aplicando a técnica correspondente
CA4.6 Colocáronse os elementos cerámicos, solados ou azulexados de maneira acorde ao contorno, utilizando o material de unión ou pegamento requirido
CA4.7 Comprobase o resultado da intervención observando o nivel e o aliñamento co resto de pezas, e respectando a estética do conxunto
CA4.8 Retiráronse e xestionáronse os residuos sobrantes, e limpáronse as superficies de traballo e o contorno
CA4.9 Utilizáronse as ferramentas cos requisitos correspondentes e cos equipamentos de protección individual e seguridade requiridos

4.1.e) Contidos

Contidos

Ferramentas: trola, espátula, maza, etc.

Medios auxiliares: estadas, táboas con cabaletes, escadas, etc.

Selección de ferramentas, medios auxiliares e materiais.

Clasificación e xestión de residuos.

Identificación de sinais de seguridade.

Sinalización das zonas de actuación.

Equipamentos de protección individual: características e uso.

Medidas de protección colectivas.

Instrucións de fabricante. Interpretación e dosificación.

Características e tipos de grava e area. Granulometría do árido.

Xesos: tipos, características e aplicacións.

Adhesivos: tipos, características e aplicacións.

Técnica de mestura de materiais: precaucións.

Características e tipos de revestimentos: recibos, gornecementos e revocaduras.

Características e tipos de morteiros: compoñentes.

Condições de prevención e seguridade. Uso dos equipamentos de protección individual e colectiva.

Cemento: tipos, características e aplicacións.

Materiais básicos de albanería: tipos, características e aplicacións.

Materiais básicos de instalacións en vivendas.

Ferramentas e máquinas básicas de albanería.

Operacións auxiliares de albanería para a realización de instalacións na vivenda: fontanaría, electricidade, antenas, carpintaría, climatización, etc.

Condições de prevención e seguridade. Uso dos equipamentos de protección individual e colectiva.

Materiais cerámicos, solados e azulexados: tipos, características e aplicacións.

Diferenciación dos tipos de pezas en solados e azulexados.

Equipamentos e ferramentas que se empregan no solado e no azulexado: características.

Preparación de masas e pegamentos, e a súa relación cos elementos de cerámica, solado e azulexado que se utilicen.

Técnicas utilizadas na substitución de pezas en solados e azulexados.

Condições de prevención e seguridade. Uso dos equipamentos de protección individual e colectiva.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Acabado superficies: pintado e revestimentos.	90

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza operacións de preparación e mantemento do posto de traballo, logo de seleccionar as ferramentas, os medios auxiliares e os materiais que se vaian utilizar	SI
RA5 - Realiza operacións sinxelas de pintado de diferentes superficies de interior e exterior, aplicando as mesturas correspondentes e a técnica requirida en función das características da superficie que haxa que pintar	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as ferramentas, os medios auxiliares e os materiais, e descríbense as súas características e a súa forma de emprego
CA1.2 Identifícanse as zonas de actuación, segundo o tipo da intervención que se vaia realizar
CA1.3 Mantivéronse limpas e ordenadas as zonas implicadas na intervención
CA1.4 Clasifícanse e xestionáronse os residuos, segundo a súa procedencia e o seu nivel de perigo
CA1.5 Sinalízanse as zonas de actuación, utilizando os elementos de sinalización en función dos requisitos de seguridade e o nivel de perigo das zonas de actuación
CA1.6 Identifícase a utilidade e o uso dos medios auxiliares e dos medios de protección colectiva
CA1.7 Descríbense as características e as aplicacións dos medios auxiliares e dos elementos de protección colectiva
CA1.8 Identifícanse os equipamentos de protección individual
CA5.1 Preparouse a zona de traballo e distribuíronse os materiais e as ferramentas que se vaian empregar
CA5.2 Preparouse a zona para pintar eliminando fendas, deterioracións, desniveis, posibles humidades, etc., aplicando a técnica requirida
CA5.3 Preparouse a superficie para a intervención nivelándoa e alisándoa
CA5.4 Despexáronse e cubríronse as zonas circundantes e os elementos para evitar posibles accidentes ou evitar manchas no seu contorno
CA5.5 Utilizouse o tipo de pintura adecuado en función das características do soporte
CA5.6 Adecouse a cor aos requisitos solicitados ou estéticos da zona, aplicando a carta de cores correspondente
CA5.7 Pintouse a zona coas técnicas adecuadas e coa mestura correspondente
CA5.8 Comprobouse o resultado da intervención, identifícanse posibles defectos e realizáronse as correccións oportunas, respectando a estética do conxunto
CA5.9 Protexeuse o contorno para evitar manchas e deterioracións
CA5.10 Limpouse e recolleuse o material, e comprobouse que non se manchara nin se danara a zona de traballo
CA5.11 Utilizáronse os equipamentos de protección individual e protección requiridos

4.2.e) Contidos

Contidos
Ferramentas: trola, espátula, maza, etc.
Medios auxiliares: estadas, táboas con cabaletes, escadas, etc.
Selección de ferramentas, medios auxiliares e materiais.
Clasificación e xestión de residuos.
Identificación de sinais de seguridade.
Sinalización das zonas de actuación.
Equipamentos de protección individual: características e uso.
Medidas de protección colectivas.
Materiais e pinturas: tipos e características.
Ferramentas utilizadas no pintado: tipos, características e utilización. Limpeza e conservación.
Uso de pinturas en función do tipo de superficie e de acabado que se queira obter.
Técnicas de pintado á man e con máquinas sinxelas.
Precaucións para ter en conta observar durante o pintado.
Condições de prevención e seguridade. Uso dos equipamentos de protección individual e colectiva.
Materiais de protección do contorno durante os traballos de pintado.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Montaxe, instalación e axuste de mobles prefabricados.	70

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza operacións de preparación e mantemento do posto de traballo, logo de seleccionar as ferramentas, os medios auxiliares e os materiais que se vaian utilizar	SI
RA6 - Realiza operacións auxiliares na montaxe e instalación de mobles prefabricados e sinxelos, aplicando as técnicas requiridas e seguindo instrucións de montaxe	SI
RA7 - Realiza operacións de axuste de pezas, ferraxes e mecanismos, tendo en conta a súa relación coa súa función no elemento de carpintería ou moble	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse as ferramentas, os medios auxiliares e os materiais, e describíronse as súas características e a súa forma de emprego
CA1.2 Identifícaronse as zonas de actuación, segundo o tipo da intervención que se vaia realizar
CA1.3 Mantivéronse limpas e ordenadas as zonas implicadas na intervención
CA1.4 Clasifícaronse e xestionáronse os residuos, segundo a súa procedencia e o seu nivel de perigo
CA1.5 Sinaláronse as zonas de actuación, utilizando os elementos de sinalización en función dos requisitos de seguridade e o nivel de perigo das zonas de actuación
CA1.6 Identifícouse a utilidade e o uso dos medios auxiliares e dos medios de protección colectiva
CA1.7 Descríronse as características e as aplicacións dos medios auxiliares e dos elementos de protección colectiva
CA1.8 Identifícaronse os equipamentos de protección individual
CA6.1 Descríbiuse o procedemento de toma de medidas e de situación do moble que se vaia montar ou dos elementos que se vaian construír
CA6.2 Obtivéronse os datos e as medidas para a montaxe ou a construción a partir de esbozos sinxelos
CA6.3 Realizáronse unións fixas e desmontables de elementos de moble sinxelos, aplicando a técnica correspondente
CA6.4 Comprobouse que a inclinación do canto nas follas sexa a adecuada e que a elección das ferraxes de apertura sexa a correcta, á dereita e á esquerda
CA6.5 Efectuouse a instalación sen que os elementos arquitectónicos, os cercos nin os precercos, as instalacións nin as persoas sufran danos
CA6.6 Realizouse a recollida de produtos para a súa reciclaxe
CA6.7 Realizáronse os traballos ordenadamente, con pulcritude e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados e avaliando correctamente os resultados e a calidade do proceso, sempre baixo a supervisión do persoal técnico responsable
CA6.8 Aplicáronse as normas de seguridade e prevención de riscos laborais
CA7.1 Relacionáronse os sistemas de fixación de elementos cos soportes aos que se fixan
CA7.2 Identifícaronse as principais ferraxes para utilizar en mobles e elementos de carpintería para unións con ou sen movemento, e describiuse a súa función

Criterios de avaliación
CA7.3 Enumeráronse os factores para ter en conta no axuste de subconxuntos na instalación de mobles
CA7.4 Colocáronse as pezas, as ferraxes e os mecanismos segundo as instrucións de montaxe, e verificouse a súa adecuación e que cumpran coa función para a que se instalaron
CA7.5 Comprobouse a idoneidade das ferramentas e dos medios utilizados para a instalación
CA7.6 Verificouse que o desprazamento das pezas móbiles se realice sen impedimentos e que responda ás especificacións requiridas
CA7.7 Aplicáronse as normas de seguridade e prevención de riscos laborais

4.3.e) Contidos

Contidos
Ferramentas: trola, espátula, maza, etc.
Medios auxiliares: estadas, táboas con cabaletes, escadas, etc.
Selección de ferramentas, medios auxiliares e materiais.
Clasificación e xestión de residuos.
Identificación de sinais de seguridade.
Sinalización das zonas de actuación.
Equipamentos de protección individual: características e uso.
Medidas de protección colectivas.
Ferramentas e materiais empregados na instalación e na montaxe de mobles prefabricados e elementos de carpintería: tipos, características e uso.
Interpretación de esbozos básicos de montaxe e instalación de mobles.
Montaxe de mobles prefabricados. Instrucións de montaxe.
Protección ambiental na recollida e na reciclaxe de produtos.
Condições de prevención e seguridade. Uso dos equipamentos de protección individual.
Ferraxes, mecanismos, pezas e accesorios que se utilizan na montaxe de mobles e portas.
Ferramentas empregadas nas operacións de montaxe e axustes de ferraxes: tipos, utilización e conservación.
Sistemas de fixación de ferraxes e soportes utilizados.
Condições de prevención e seguridade. Uso dos equipamentos de protección individual.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Operacións de mecanizado.	70

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza operacións de preparación e mantemento do posto de traballo, logo de seleccionar as ferramentas, os medios auxiliares e os materiais que se vaian utilizar	SI
RA8 - Realiza operacións básicas de mecanizado sobre madeira e derivados, elementos metálicos e non metálicos con ferramentas manuais ou con maquinaria portátil, aplicando a técnica correspondente en función do material e as condicións de mecanizado	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as ferramentas, os medios auxiliares e os materiais, e descríbense as súas características e a súa forma de emprego
CA1.2 Identifícanse as zonas de actuación, segundo o tipo da intervención que se vaia realizar
CA1.3 Mantivéronse limpas e ordenadas as zonas implicadas na intervención
CA1.4 Clasifícanse e xestionáronse os residuos, segundo a súa procedencia e o seu nivel de perigo
CA1.5 Sinalázanse as zonas de actuación, utilizando os elementos de sinalización en función dos requisitos de seguridade e o nivel de perigo das zonas de actuación
CA1.6 Identifícase a utilidade e o uso dos medios auxiliares e dos medios de protección colectiva
CA1.7 Descríbense as características e as aplicacións dos medios auxiliares e dos elementos de protección colectiva
CA1.8 Identifícanse os equipamentos de protección individual
CA8.1 Seleccionáronse as máquinas e as ferramentas en función do tipo de mecanizado que cumpra realizar
CA8.2 Realizáronse as operacións de limado, seguindo os procedementos establecidos
CA8.3 Realizáronse as operacións de serraxe manual aplicando a técnica correspondente
CA8.4 Realizáronse as operacións de tradeadura, logo de seleccionar as ferramentas adecuadas para cada material, e descríbense as súas características
CA8.5 Realizáronse as operacións de remache en pezas metálicas de maneira que se asegure a unión, aplicando a técnica correspondente
CA8.6 Comprobouse a calidade do produto resultante e corríronse as anomalías detectadas
CA8.7 Aplicáronse as normas de seguridade e saúde laboral, utilizando correctamente as proteccións das máquinas e os medios individuais de protección
CA8.8 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde e limpeza

4.4.e) Contidos

Contidos
Ferramentas: trola, espátula, maza, etc.
Medios auxiliares: estadas, táboas con cabaletes, escadas, etc.

Contidos

Selección de ferramentas, medios auxiliares e materiais.

Clasificación e xestión de residuos.

Identificación de sinais de seguridade.

Sinalización das zonas de actuación.

Equipamentos de protección individual: características e uso.

Medidas de protección colectivas.

Ferramentas e máquinas empregadas nas operacións de mecanizado de madeira e elementos metálicos: tipos, utilización e conservación.

Selección da ferramenta e dos utensilios en función do material que se vaia mecanizar.

Técnicas de limadura.

Técnicas de serraxe.

Técnicas de tradeadura.

Técnicas de remache en pezas metálicas.

Precaucións para ter en conta na realización de mecanizados.

Condicións de prevención e seguridade. Uso dos equipamentos de protección individual.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Iniciativa emprendedora.	25

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA9 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados dos labores de conservación na vivenda e de montaxe de accesorios	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA9.1 Caracterízouse o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para os labores de conservación na vivenda e de montaxe de accesorios
CA9.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito nos labores de conservación na vivenda e de montaxe de accesorios
CA9.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada cos labores de conservación na vivenda e de montaxe de accesorios

4.5.e) Contidos

Contidos
A persoa emprendedora nos labores de conservación na vivenda e de montaxe de accesorios.
Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación nos labores de conservación na vivenda e de montaxe de accesorios.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada cos labores de conservación na vivenda e de montaxe de accesorios.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES.

Un criterio de avaliación denomínase mínimo exigible cando se considera imprescindible para lograr o resultado de aprendizaxe (RA). Que un CA se declare como mínimo exigible implica que o alumnado deberá superar (nota igual a 5 sobre 10 ou maior) a proba correspondente ao instrumento de avaliación seleccionado para aprobar a unidade didáctica. Para a presente programación considéranse mínimos exigibles os reflexados nas táboas de cada unidade didáctica estudada no apartado 4 e cuxa superación será necesaria para a cualificación positiva do módulo.

Para a avaliación do módulo teranse en conta os criterios de avaliación desenvolvidos en cada unidade didáctica cos seus instrumentos de avaliación indicados e relacionados cos seguintes mínimos exigibles xerais:

- Coñecemento e manexo axeitado das ferramentas empregadas en cada unidade didáctica.
- Realización das operacións básicas de albanería, pintado, montaxe de mobles pefabricados e mecanizado.
- Realización dos traballos con orde e limpeza.
- Coñecemento e aplicación das normas de seguridade e saúde laboral.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

O cálculo da cualificación de cada unidade farase aplicando o peso da cualificación de cada criterio de avaliación reflexado no apartado 4 tendo en conta o requisito dos mínimos exigibles. As probas escritas suporán un 30% da cualificación e os exercicios propostos, prácticas, caderno de clase,... suporán o 70%. Co resultado que sae da cualificación das unidades aplicaranse os pesos de cada unidade reflexados no apartado 3 obtendo así a cualificación de cada avaliación e a final.

A cualificación de cada avaliación resultará de calcular a cualificación das unidades didácticas correspondentes e aplicarlle os porcentaxes de peso correspondentes sobre da suma que supoñen ambas.

A cualificación final correspóndese coa cualificación de cada unidade ponderada polo peso da mesma sobre o total do curso.

$$\text{Nota FINAL} = (\text{nota UD1} \cdot 0.20) + (\text{nota UD2} \cdot 0.30) + (\text{nota UD3} \cdot 0.20) + (\text{nota UD4} \cdot 0.20) + (\text{nota UD5} \cdot 0.10)$$

Notas: En tódolos casos aplicando o condicionante dos mínimos exigibles como xa se mencionou anteriormente.

A nota de cada unidade resulta de facer o produto das cualificacións de cada lista de cotexo ou táboas de observación polo peso indicado nas táboas do apartado 4 e sumarlle a nota das probas escritas tamén aplicándolles os correspondentes pesos.

O alumno deberá acadar unha nota mínima de 4.5 puntos sobre 10 tanto nas probas escritas como na práctica proposta para que se consideren compensables, e unha nota total de 5 puntos no conxunto de probas para obter unha cualificación positiva de cada unidade didáctica e polo tanto na avaliación. De non ser así deberá recuperar as partes (unidades) non superadas seguindo o que se indica no apartado 6.

Se nalgunha das probas escritas, prácticas, exercicios, memorias,... se detectasen plaxios ou actitudes fraudulentas por parte do alumno esa proba será valorada con 0 puntos para o alumnado implicado na dita acción e estarán os alumnos suxeitos á asistencia ao proceso de recuperación da proba ou actividade segundo se indica no apartado 6.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos que non acaden os mínimos exigibles realizarán as actividades de recuperación que proceda, ao comezo da 2ª e 3ª avaliación.

Tamén, durante o mes de xuño haberá actividades programadas para a recuperación das actividades ou probas pendentes que consistirá:

- Probas escritas: comprobación do coñecemento dos contidos mínimos de cada unha das unidades didácticas non superadas.
- Probas prácticas: comprobación da asimilación das prácticas, montaxes, exercicios e traballos que se propoñen similares aos desenvolvidos ao longo do curso.

Os criterios de cualificación serán os mesmos aplicados durante o curso en canto a notas compensables e cualificacións positivas.
No caso de non ser posible a realización de probas presenciais por mor da situación sanitaria, anunciarase ao alumnado con antelación suficiente o medio e xeito de levalas a cabo (telemáticas síncronas ou asíncronas, traballos,...)

O profesor realizará un informe de avaliación individualizado detallando as unidades didácticas pendentes do módulo, as actividades de recuperación a realizar polo alumno ata a avaliación final e as datas das actividades de avaliación correspondentes.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Nas modalidades de ensino presencial cumprirá a asistencia do alumnado ás actividades programadas para os distintos módulos profesionais do ciclo formativo. O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total sempre que o alumnado teña 16 anos ou máis de idade.

O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente. A cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspondente. O alumnado con perda de dereito a avaliación continua non terá dereito a realizar as correspondentes actividades ordinarias nin de recuperación a que se refire o apartado 6.a anterior.

Esta proba constará de dúas partes:

1ª Parte: proba teórica que versará sobre os contidos de cada unha das unidades didácticas do módulo.

2ª Parte: proba práctica na que se realizarán unha ou varias probas prácticas relacionadas coas unidades didácticas que compoñen o módulo.

CONSIDERACIÓNS

A primeira parte da proba celebrarase nun único día; a segunda parte poderá durar máis dun día. Aquel alumnado que non supere a primeira parte da proba, non poderá realizar a segunda parte.

Para a avaliación positiva deberán acadar unha cualificación de 5 puntos sobre 10 en cada unha das partes.

DE SER O CASO, POR MOR DA SITUACIÓN SANITARIA RELACIONADA CO COVID-19: No caso de non ser posible a realización de probas presenciais anunciarase ao alumnado con antelación suficiente o medio e xeito de levalas a cabo (telemáticas síncronas ou asíncronas, traballos, exercicios,...)

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A avaliación da práctica docente e da idoneidade da programación farase en base a:

- enquisas trimestrais anónimas ao alumnado sobre a aprendizaxe e a labor do profesor.
- caderno de aula, onde periodicamente se rexistren as tarefas realizadas e as desviacións ou problemas xurdidos e/ou seguimento ao final de cada unidade didáctica ou mensualmente no que se contemple o número de sesións e se reflexen as desviacións sobre do programado, as súas posibles causas e as propostas para rectificalas ou as medidas de mellora que se consideren pertinentes no modelo establecido pola plataforma, www.edu.xunta.es/programacions.

Mensualmente realizarase unha reunión de departamento para o seguimento da programación e avaliación da propia práctica docente. Recollerase en acta as medidas adoptadas polo departamento.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da tutoría, xunto co Departamento de Orientación, darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Esta información poderá proceder, entre outras:

- a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, no seu caso.
- b) Dos estudos académicos ou os ensinos de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- c) Dos informes ou dictames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo e da información dispoñible/aportada polo Departamento de Orientación, de selo caso.
- d) Da experiencia profesional previa.
- e) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente na mesma recolleranse nun acta, da que se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración dos ensinos. Esta avaliación inicial en ningún caso levará consigo cualificación para o alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A atención á diversidade é a vía que permite individualizar, dentro do posible, o proceso de ensino e aprendizaxe, para iso aplicaranse as seguintes medidas:

- 1.-Utilización de metodoloxías diversas. Pártese da base de que un método de ensino que é o máis apropiado para uns alumnos cunhas determinadas características pode non selo para alumnos con características diferentes, e á inversa. Desde este punto de vista, procurarase adaptar a forma de enfocar ou presentar os contidos ou actividades en función dos distintos graos de coñecementos previos detectados nos alumnos, dos seus diferentes graos de autonomía e das dificultades identificadas en procesos anteriores con determinados alumnos.
 - 2.-Propor actividades diferentes. As actividades que se expoñan situaranse entre o que xa saben facer os alumnos autónomamente e o que son capaces de facer coa axuda que poidan ofrecerlles o profesor ou os seus compañeiros. Preveranse un número suficiente de actividades para cada un dos contidos considerados fundamentais, con distinto nivel de complexidade, de maneira que se poidan traballar estes contidos con esixencias distintas. Prepararanse tamén actividades referidas a contidos non fundamentais, complementarios ou de ampliación, para aqueles alumnos que poidan avanzar máis rapidamente ou que o fan con menos necesidade de axuda e que, en calquera dos casos, poden profundar en contidos a través dun traballo máis autónomo.
 - 3.-Materiais didácticos non homoxéneos. Os materiais utilizados ofrecerán unha ampla gama de actividades didácticas que respondan a diferentes graos de aprendizaxe.
 - 4.- Calquera outro alumno que presente una problemática específica terá as medidas de reforzo axeitadas despois de avaliar a mesma entre o profesorado do grupo e o departamento de orientación do centro.
- Asimesmo as medidas de reforzo son dinámicas tanto en canto se irá analizando a súa idoneidade e adaptándose segundo as necesidades (modifícanse se é preciso, elimínanse e substitúense por outras máis axeitadas ou incorpóranse medidas novas) deixando reflexo das mesmas no correspondente seguemento da pd.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Non ámbito da educación cívica e moral, preténdese a elaboración de xuízos propios a través de debates ou discusión e mediante a participación activa na aula, o que permitirá ao alumno expresar as súas ideas e valorar as dos seus compañeiros. Potenciarase o traballo cooperativo e a responsabilidade persoal no cumprimento das tarefas, a valoración dos distintos puntos de vista e a aceptación de decisións colectivas. Así, a través das actividades que se propoñen, o alumnado interiorizará e elaborará normas e avanzará na formación da súa personalidade. En definitiva, os contidos deste módulo contribuirán ao alcance dos obxectivos transversais propostos para formación profesional, grazas a utilización de materiais e recursos didácticos que aludan aos contidos dos mesmos:

- 1.- A educación moral e cívica. Dentro deste tema transversal traballarase o fomento de actitudes de respecto cara ás persoas sexa cal for a súa condición social, sexual, racial ou as súas crenzas, valorando o pluralismo e a diversidade.
- 2.- A educación para a paz. Traballarase sobre todo a actitude fronte ao conflito, vendo este como un proceso natural e consustancial á existencia humana que, ben canalizado, axuda a clarificar intereses e valores, converténdose entón nun proceso creativo.
- 3.- A educación para a igualdade de oportunidades de ambos os sexos. Este tema transversal terá un tratamento fundamentalmente metodolóxico, coidando aspectos como: niveis de expectativas iguais ante alumnas e alumnos, idéntica dedicación a ambos os sexos, evitar actitudes protectoras cara ás alumnas e asignar tarefas de responsabilidade en función das capacidades individuais
- 4.- A educación ambiental. Potenciaranse actitudes persoais de aproveitamento de materiais nas aulas e nos talleres.
- 5.- A educación para a saúde. Traballarase a atención e respecto das normas de uso de ferramentas, máquinas e aparellos dos talleres. Traballarase tamén o respecto pola orde e limpeza do posto de traballo.
- 6.- A educación do consumidor. Potenciarase o consumo moderado e responsable de recursos e materiais funxibles. Potenciarase tamén a aplicación de criterios de racionalidade enerxética naqueles temas sensibles.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias son aquelas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. As actividades extraescolares son aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar, realízanse fóra do horario lectivo e nas que a participación do alumnado é voluntaria.

Consideramos que as actividades complementarias e extraescolares son outro dos baremos que mide a calidade educativa, polo que debemos fomentalas e procurar unha participación importante do alumnado nas mesmas.

As visitas técnicas deben de estar conectadas coas actividades de ensino-aprendizaxe desenvolvidas non centro educativo co fin de fomentar a relación co contorno produtivo e actuar como reforzo dun conxunto coherente de tarefas realizadas na aula. Por iso, en calquera caso, estas visitas deben de ter obxectivos concretos e programados e deben organizarse dun xeito que non impliquen unha ruptura co proceso xeral de ensinoaprendizaxe do ciclo.

A visita técnica debe procurar un achegamento á realidade profesional á que está vinculada a competencia profesional do título; por iso, valorarase nas actividades a posibilidade de realizar visitas obras e a feiras ou exposicións relacionadas coas operacións de conservación na vivenda e montaxe de accesorios, así coma a realización de xornadas ou demostracións prácticas no centro. (Estas actividades son organizadas dende o Departamento)

Podería realizarse algunha saída co obxectivo de coñecer instalacións ou obras relacionadas co módulo ou xornada no centro. Pendentes de confirmación en canto a viabilidade por mor da situación sanitaria derivada da COVID 19 e as restriccións no curso 21/22 e en función da evolución da mesma.

10. Outros apartados

10.1) P.D.

Os alumnos poden consultar e descargar a programación didáctica na aula virtual do curso correspondente.

Os alumnos recibirán información a principio de curso dos obxectivos e os criterios de avaliación que serán aplicados para evidenciar a adquisición das competencias establecidas no currículo, así como do nivel mínimo que se considera suficiente para alcanzar a avaliación positiva.

10.2) UF. Seguridade e saúde laboral.

A unidade formativa de Seguridade e saúde laboral establecida no artigo 9 da ORDE do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas, impartirase no presente módulo.

Os resultados de aprendizaxe cos seus criterios de avaliación e os contidos son os establecidos no ANEXO VI da citada orde.

10.3) PLAXIOS

A realización das probas escritas é un traballo persoal que o alumno debe facer individualmente e valéndose unicamente dos recursos que en cada caso lle indique o profesor. Calquera outro proceder diferente a esas instrucións leva a non superación da proba e queda o alumno obrigado a realización da recuperación pertinente da mesma.

As tarefas, exercicios, prácticas, memorias,... faranse de xeito individual ou en grupo segundo proceda en cada caso. A detección de plaxios e conductas semellantes levarán a cualificación negativa da tarefa para o alumnado implicado nese proceso e deberán de proceder a recuperación correspondente.

10.4) COVID_19

Se por mor situación sanitaria derivada do COVID-19 as sesións presenciais non puideran levarse a cabo (situación de confinamento) as probas escritas poderán ser realizadas de xeito telemático síncrono ou asíncrono ou seren adiadas (indicarase aos alumnos a través dos medios de comunicación establecidos nesta situación e con antelación).

Do mesmo xeito as tarefas prácticas previstas para desenvolver en taller poderían, na situación descrita, ser substituídas por traballos ou exercicios a levar a cabo a través da aula virtual.

A realización tanto das probas escritas como das tarefas prácticas terían carácter obrigatorio e cumpriría a achega da correspondente xustificación o feito da non presentación das mesmas de igual xeito que se faría nunha situación non extraordinaria.